



XV Edición da Carrera Nocturna Concello de Vilagarcía

REGULAMENTO

Art.1.- A Fundación de Deportes organiza a XV Edición da Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía o **sábado 21 de xullo do 2018**; baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo, a través da súa delegación en Pontevedra.

Art. 2.- Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e tamén para aproba absoluta, por control de chips a través de Championship.

Art. 3.- CATEGORÍAS , DISTANCIAS E HORARIOS DE SAÍDAS.

Poderán participar na mesma todas as persoas que queiran independentemente do sexo e idade, segundo as categorías que a continuación se establecen

CATEGORÍA ANO DISTANCIAS SAÍDAS

CATEGORÍA	ANO	DISTANCIAS	SAÍDA
A	2012 e posteriores	100 -150 METROS	21:00 h
B	2010 - 2011	500 METROS	21:15 h
C	2008 - 2009	1.000 METROS	21:30 H.
D	2006 - 2007		
E	2004 - 2005	4.000 METROS	21:45 H.
F	2003 - 2001		
G	2000 - 1996	10.000 METROS	22: 30 HORAS
H	1995 - 1983		
I	1982 - 1973		
K	1972 - 1963		
L	1962 e anteriores		



*As distancias son orientativas e non homologadas.

Art. 4.- LUGAR DE SAÍDA E PERCORRIDO

A saída de todas as carreiras será dende Avenida da Mariña diante do auditorio municipal. Marcaráanse as saídas en distintos puntos do percorrido en función da distancia que teña que percorrer cada categoría.

O percorrido por onde vaise a levar a cabo a devandita carreira será polas seguintes rúas: Avda. da Mariña, Avda. Rivero de Aguilar, Rúa Valle Inclán, García de Caamaño, Alexandre Bóveda, Elipidio Villaverde e Avda. da Mariña .

Art. 5 .- INSCRICIÓN

A inscrición para a proba absoluta realizarase a través realizarase a partir do 18 de xuño do presente ano na páxina web www.championchipnorte.com ata as 22:00 h do 19 de xullo, tendo unha cota de inscrición de 5,00€ por participante + 1,00 € de aluguer de chips .

Para as probas de nenos a inscrición é gratuíta e realizarase nas oficinas da Fundación de Deportes, no pavillón Fexdega do 18 de xuño ao 20 de xullo en horario de 9:00 a 14:00 horas.

Art. 6.- RETIRADA DE DORSAIS E CHIPS

A retirada de dorsais realizarase o mesmo día da proba dende as 18.00 horas ata 45 minutos antes de cada proba por categoría, na secretaría da organización.

Art. 7.- PREMIOS

Os premios que se entregarán aos participantes da proba serán os seguintes:

- Medallas para todos os participantes das categorías A, B, C,D,E e F.
- Camiseta conmemorativa aos participantes da proba absoluta.
- Trofeo para os tres primeiros clasificados/as en cada categoría (masculino e feminino).



- Trofeo para os tres clasificados locais masculino e feminino.
- Trofeo para o/a deportista máis veterano/a.

Art. 8.- DESCALIFICACIÓNS

Todo corredor/a que non entre na liña de meta co dorsal ben visible colocado na zona do peito ou que incumpra as normas establecidas no regulamento da Federación Galega de Atletismo e da RFEA referente a probas en ruta, poderá ser descalificado.

Na proba absoluta o control de chegada pecharase 30 minutos despois da entrada do primeiro corredor, quedando descalificados os que entren a posteriori de ese tempo estipulado

Art. 9.- Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización. Nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos ós participantes. Asemade non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, nin correr acompañados destes en ningún momento.

Art. 10.- As reclamacións ós resultados oficiais, deberán formularse verbalmente ó Xuíz Árbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

Art. 11.- SERVIZOS.

A proba conta cun seguro de Responsabilidade Civil e un seguro de accidentes deportivos para os participantes.

Asemade contarase co servizo de ambulancia e un hospital de campaña de protección civil.

Os participantes na devandita carreira terán a disposición os vestiarios e duchas do auditorio e no pavillón Castelao.

Art. 12.- O feito de inscribirse nesta carreira implica a total aceptación do presente



regulamento. Dando vostede autorización ós organizadores a rexistrar total ou parcialmente a súa participación mediante fotos, vídeos, televisión ou calquera outro medio de difusión.

Art. 13.- Todo o non previsto no presente regulamento resolverase de acordo co regulamento de FGA, RFEA E IAAF en vigor.

NOTA: Mediante a súa inscrición na proba o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a Fundación de Deportes para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow 13 – 15008 A Coruña.